




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Con data 5 de decembro dictouse Resolución Rectoral pola que se poñía en marcha o acordo da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais relativo á adaptación dos alumnos dos planos de estudos de 1973 e 1974 nas licenciaturas de Ciencias Económicas e Ciencias Empresarias ós vixentes planos de estudos de 1993 e 1994.

Na citada resolución fixébase un prazo ata o 15 de decembro para que os alumnos se acollesen ó disposto nela, prazo que se estima conveniente prolongar ata o día 21.

Asemade é necesario corrixir un erro detectado no seu anexo e aproveitase para aclarar algún aspecto consonte se prevía na citada resolución.


E POLO EXPOSTO QUE ESTE RECTORADO RESOLVEU:

Primeiro.- Os alumnos da facultade de Ciencias Económicas e Empresariais que desexen acollerse ó disposto na R.R. de 5 de decembro poderán facelo ata o día 21 de decembro. Este prazo será aplicable ós alumnos que se recollen no apartado 7º da citada resolución.

Segundo.- Modifícase o anexo á R.R. de 5 de decembro no referente á adaptación da materia do plano de 1973 da licenciatura en Ciencias Empresariais “Informática de Xestión: Sistemas Informáticos para a Dirección” que se adaptara consonte o seguinte:

LICENCIATURA EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

PLANO 1973	PLANO 1993
503 Informática de Xestión: Sistemas Informáticos para a Dirección.	11 créditos optativos



Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2000

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica – Sr. Secretario Xeral – Sr. Decano da Facultade de CC. Económicas e Empresariais - Sra. Xefe do Servico de Alumnado – Sr. Xefe de Servico da Asesoría Xur Sr. Director do COIE -Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Norte -